

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

14976 *Real decreto 793/2021, do 14 de setembro, polo que se modifica o Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, aprobado polo Real decreto 215/2014, do 28 de marzo.*

Os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do sector público quedaron recollidos no artigo 135 da Constitución española e na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Seguindo as recomendacións da Unión Europea, aprobouse a Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, co obxectivo de contribuír ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria previsto no artigo 135 da Constitución española, mediante a avaliación continua do ciclo orzamentario, do endebedamento público e a análise das previsións económicas.

Posteriormente, en cumprimento do mandato legal contido no artigo 8.2 da citada Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, aprobouse o Real decreto 215/2014, do 28 de marzo, polo que se aproba o Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, o cal desenvolve a súa organización e funcionamento interno, que foi reformado polo Real decreto 105/2018, do 9 de marzo, polo que se modifica o Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, aprobado polo Real decreto 215/2014, do 28 de marzo.

O réxime xurídico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal completouse coa aprobación da Orde HAP/1287/2015, do 23 de xuño, pola que se determinan a información e os procedementos de remisión que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá con carácter permanente á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, e que foi parcialmente derogada pola Orde HFP/232/2017, do 14 de marzo, pola que se deroga parcialmente a Orde HAP/1287/2015, do 23 de xuño, pola que se determinan a información e os procedementos de remisión que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá con carácter permanente á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

A evolución normativa descrita que afecta esta autoridade administrativa independente foi atendendo ao contexto socioeconómico de cada momento e actualmente debe destacarse que entre os principios esenciais que deben rexer a asignación e utilización dos recursos públicos destacan os de eficacia e eficiencia, que se recollen nos artigos 31.2 e 103.1 da Constitución española, e, igualmente, no artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e no artigo 26 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Neste sentido, a actualización do Plan orzamentario, remitido á Comisión Europea o 9 de decembro de 2016, recolleu o compromiso de levar a cabo procesos de revisión do gasto, no conxunto das administracións públicas, co obxecto de mellorar a súa eficiencia.

Posteriormente, na actualización do Programa de estabilidade 2017-2020 enviada no mes de abril de 2017, concreouse que esta primeira análise integral do gasto público se realizaría en tres fases co obxecto de garantir que fose exhaustiva, e considerouse a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF) como a institución máis adecuada para abordala.

Tras tres anos de revisións de diversas áreas do gasto por parte da AIReF, o Plan de recuperación, transformación e resiliencia recoñece a súa utilidade e comprométese a «dar continuidade e permanencia aos exercicios de revisión do gasto creando unha división permanente de *Spending Review* no seo da AIReF». Adicionalmente, introduce outros elementos que contribúen á mellora da sistematicidade e planificación das

avaliacións mediante un novo encargo (2022-2026) en cinco fases que, pola súa vez, mellora a independencia ao separarse do ciclo político. Ademais, o plan incorpora elementos que reforzan a relevancia e utilidade dos *Spending Reviews*, ao estender o principio de «cumprir ou explicar» as súas recomendacións e comprometerse coa creación dunha unidade técnica no seo do Ministerio de Facenda para reforzar o seu seguimento, vinculación co ciclo orzamentario e conexión co resto de centros xestores, conferencias sectoriais ou órganos de coordinación. Pola súa banda, o Ministerio de Facenda elaborará un informe anual público, antes do 31 de marzo de cada ano, que remitirá ao Consello de Ministros, co seguimento das recomendacións efectuadas nos exercicios de revisión do gasto.

A pertinencia de dar continuidade e permanencia aos exercicios de revisión do gasto para mellorar a súa calidade tamén foi recoñecida en diferentes ámbitos recentemente. En marzo de 2020, a Comisión Europea, na súa primeira recomendación do Consello sobre política económica da zona euro, sinala que «Os Estados membros deberán prestar especial atención á calidade das medidas orzamentarias, mellorar a xestión das finanzas públicas, en particular os marcos de investimento e elaboración de orzamentos ecolóxica e de contratación pública, e realizar revisións do gasto para centrar máis o gasto público nas necesidades de recuperación e resiliencia». De igual forma, a Comisión para a Reconstrución Social e Económica, creada no seo do Congreso dos Deputados, no seu Ditame do 3 de xullo de 2020, no bloque 6. Política fiscal e eficiencia do gasto público, recolle a seguinte proposta de resolución: «103. Establecer mecanismos de avaliación das políticas públicas e dos seus resultados, mediante un plan de acción da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF) para a revisión do gasto público (*Spending Reviews*), e elaborar plans de implementación das súas recomendacións, que permitan a eficiencia do gasto público».

Neste contexto, este real decreto crea a nova división de avaliación do gasto público (*Spending Review*) da AIReF, que reforzará as capacidades de avaliación permanentes da institución, tal e como asume o plan de recuperación no seu compoñente 29 e asociado á reforma 1.3, e para iso dotarase de todos os recursos necesarios para que leve a cabo o seu labor de revisión do gasto de maneira sistemática, o que permitirá afrontar con garantías de calidade o reto das novas fases de *Spending Review*. Ademais, a nova división establecerá canles estables de interconexión coas administracións para provelas de información sobre as súas avaliacións e recomendacións, facilitando o proceso de implementación das propostas e o seguimento destas.

Por outra banda, o protagonismo que asume o Gabinete como órgano de apoio e asistencia inmediata ao titular da Presidencia da AIReF xustifica que se lle atribúa o nivel orgánico de subdirección xeral para asegurar a súa equiparación a outros gabinetes de subsecretarías e órganos equivalentes.

Finalmente, en cumprimento do previsto na disposición adicional cuarta da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, resulta tamén necesario adaptar o réxime xurídico da AIReF ás previsións da dita lei. Esta circunstancia foi igualmente advertida pola Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado (IXAE) no seu Informe global de control financeiro permanente 2019 da AIReF.

Para levar a cabo esta adaptación, abonda con cumprir a previsión do artigo 109.3 da dita Lei 40/2015: «Con independencia de cal sexa a súa denominación, cando unha entidade teña a natureza xurídica de autoridade administrativa independente deberá figurar na súa denominación a indicación “autoridade administrativa independente” ou a súa abreviatura “AAI”».

Este real decreto responde aos principios de boa regulación de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para estes efectos, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia dado o interese xeral en que se fundamenta o contido da disposición, ao pretender garantir o adecuado exercicio das funcións encomendadas á Autoridade

Independente de Responsabilidade Fiscal. A norma é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico. En canto ao principio de transparencia, a norma será publicada no «Boletín Oficial del Estado». Por último, en relación co principio de eficiencia, procurouse que a norma non xere cargas administrativas para os cidadáns.

Este real decreto, de modificación organizativa interna, componse dun artigo único que inclúe cambios en varios preceptos do vixente estatuto, dunha disposición derogatoria e de tres disposicións derradeiras referidas ás referencias normativas, á habilitación normativa e á entrada en vigor.

Este real decreto dítase en exercicio da habilitación legal contida na disposición derradeira cuarta da citada Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro.

Durante a tramitación deste real decreto, de acordo co previsto na Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, solicitouse informe á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Facenda e Función Pública, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de setembro de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, aprobado polo Real decreto 215/2014, do 28 de marzo, polo que se aproba o Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

O Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, aprobado polo artigo único do Real decreto 215/2014, do 28 de marzo, polo que se aproba o Estatuto orgánico da Autoridade independente de Responsabilidade Fiscal, queda modificado como segue:

Un. Os números 1, 2 e 3 do artigo 1 quedan redactados como segue:

«1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, creada polo artigo 1 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, é unha autoridade administrativa independente, con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, que exerce as súas funcións con autonomía e independencia respecto das administracións públicas e que actúa de forma obxectiva, transparente e imparcial.

A súa denominación oficial, de conformidade co establecido no artigo 109.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, será “Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, AAI”.

2. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal está adscrita, para efectos organizativos e orzamentarios, ao Ministerio de Facenda e Función Pública a través da súa persoa titular, sen que en ningún caso a dita adscrición afecte a súa autonomía e independencia.

3. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal rexeráse polo disposto na Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, pola Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como polas disposicións que as desenvolvan, por este estatuto e polo regulamento de réxime interior que, de ser o caso, se aprobe para regular, entre outras materias, a repartición interna de funcións entre divisións, o réxime de

suplencias e o funcionamento do comité directivo, e ao cal se lle deberá dar a oportuna publicidade.

Supletoriamente rexerese, en canto sexa compatible coa súa natureza e autonomía, polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en particular polo disposto para os organismos autónomos; pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, así como polas demais normas que resulten de aplicación.»

Dous. Modifícase o número 8 do artigo 24, que queda redactado do seguinte modo:

«8. Do presidente depende directamente, con nivel orgánico de subdirección xeral, un gabinete como o seu órgano de asistencia inmediata.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 28, que queda redactado como segue:

«1. Para o mellor cumprimento das funcións atribuídas á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, existirán catro divisións, que dependerán de maneira directa do presidente:

- a) A División de Análise Económica.
- b) A División de Análise Orzamentaria.
- c) A División de Avaliación do Gasto Público.
- d) A División Xurídico-Institucional.»

Catro. Introdúcese un novo artigo 31 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 31 bis. *División de Avaliación do Gasto Público.*

A División de Avaliación do Gasto Público estrutúrase en dúas áreas, cuxos responsables terán nivel orgánico de subdirector xeral:

- a) Análise Institucional.
- b) Análise Técnica.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Referencias normativas.*

1. As referencias feitas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no Real decreto 215/2014, do 28 de marzo, entenderanse feitas ao Ministerio de Facenda e Función Pública.

2. As referencias feitas ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social no Real decreto 215/2014, do 28 de marzo, entenderanse feitas ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Habíltese a persoa titular do Ministerio de Facenda e Función Pública, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento, a execución e a aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de setembro de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Facenda e Función Pública,
MARÍA JESÚS MONTERO CUADRADO